

ANUNCIO

CONVOCATORIA

Expte TEDEC: 2024/A008/000022- 2024/G003/000717

Programa: OBRADOIROS DE EMPREGO (EXPT: 15/0020/2024)

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV”

Por medio do decreto da Alcaldía do 04/11/2024 (TEDEC: 2024/A008/000022- 2024/G003/000717) aprobáronse as **bases de selección** do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV” (Expte 15/0020/2024, elaboradas e asinadas pola Comisión de Selección deste programa mixto.

Tamén se aprobou a **convocatoria para a selección do persoal directivo, docente e de apoio** deste obradoiro de emprego, que se fai **pública** mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).

Publicarase un anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP A Coruña), que determinará o inicio do prazo para a presentación das instancias coas solicitudes para participar no proceso de selección.

Concretamente, ábrese un proceso selectivo específico por concurso-oposición para o nomeamento/contratación das persoas que cubrirán as seguintes **prazas**:

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres/as das especialidades do obradoiro de emprego (xornada completa) e máis concretamente:
 - ✓1 mestre/a para impartir as dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanería e acabados”, que son:
 - “Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)
 - “Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)
 - ✓1 mestre/a para impartir a especialidade de nivel 2 da familia profesional “Agraria” e da área profesional “Xardinaría”, “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes” (AGAO0208). Deberá tamén impartir o módulo formativo “Operacións Auxiliares en Tratamentos Silvícolas” (MF1294_1) do certificado de profesionalidade “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” (AGAR0309) da familia agraria e da área forestal de nivel 1
- 2 mestres/as de formación complementaria (ao 50 % da xornada), concretamente: 1 mestre/a en ensino básico/titor/a e 1 mestre/a en orientación, información profesional, formación empresarial e asesoramento
- 1 administrativo/a (ao 50 % da xornada).

Este procedemento de selección rexerese fundamentalmente polo establecido nas anteditas bases de selección do persoal deste obradoiro dual de emprego e conforme o regulado na orde de convocatoria de subvencións da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia do do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024) e nas Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 15/07/2024 en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-25.

As devanditas bases da convocatoria conteñen todas aquelas cuestións ou aspectos substanciais dos procesos de selección, a teor do disposto nos apartado 7 e 8 das anteditas Instrucións do 15/07/2024, entre eles os seguintes: requisitos mínimos que deben cumprir as persoas interesadas, características dos contratos a subscribir coas persoas seleccionadas, a forma e lugar e prazo de presentación de documentación, o lugar e data de exposición das relacións provisionais e definitivas das persoas admitidas e excluídas, entre outras cuestións de interese para as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos.



As instancias que conteñen as solicitudes para participar nos procesos selectivos deberán presentarse na forma e achegando a documentación indicada no apartado 3.3 das bases de selección, no prazo de **5 días hábiles** que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Abegondo, 4 de novembro de 2024

O alcalde
José Antonio Santiso Miramontes

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

